Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

As meigas do Monte de Pedreiras

O Monte de Pedreiras, que está en Santa Cristina de Vinseiro, A Estrada (Pontevedra), está encantado. Nel dise que se aparece unha galiña que pon ovos de ouro, un encanto que por selo non se deixa coller.
E pola noite de San Xoán aparécense tamén neste monte unhas meigas cubertas cunha saba branca e un calacú ou cabaza cos furados dos ollos e da boca, e no interior unha luz acesa.
Os veciños cando pasan por alí sempre levan unha sacha. Para comprobar se as meigas son tal pintan unha cruz dentro dun círculo no chan e métense dentro. E dinlle ás meigas:

> Desconxuro santus est,
> demo branco non o hai
> e demo negro non o es.

E arréanlle co sacho ao espentallo que se o é, esváese.

BIBLIOGRAFÍA

REIMÓNDEZ PORTELA, Manuel, A Estrada rural, Excma. Deputación Provincial de Pontevedra 1990.